

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	CIENCIAS da NATUREZA	Pág.	
Curso	1º Curso Primaria		
Profesor/a	LUIS BARREIRO CAAMAÑO		

CONTIDOS

- As partes do corpo. As partes da cara. As articulacións. Os movementos do corpo. Normas de hixiene.
- Os sentidos.
- Hábitos saudables: o aseo e o descanso.
- A prevención de enfermidades e accidentes.
- Os alimentos e a saúde. Clases de alimentos.
- A dieta sa.
- Os seres vivos: animais e plantas.
- Os animais vertebrados e invertebrados.
- Os animais domésticos e salvaxes.
- Os animais carnívoros, herbívoros e omnívoros.
- As plantas. Características e tipos de plantas.
- Plantas cultivadas e silvestres.
- Coidamos os animais e as plantas.
- Os materiais. A reciclaxe. O aforro de enerxía.
- Ferramentas e máquinas.
- As novas tecnoloxías.

OBXECTIVOS

- Coñecer globalmente o seu corpo.
- Coñecer os nomes de articulacións e a súa localización.
- Coñecer e respetar as diferenzas físicas das persoas.
- Coñecer os nomes dos cinco sentidos e os seus órganos.
- Manifestar a capacidade de observación e utilización dos sentidos para identificar formas e tamaños, olores, sabores...
- Coñecer hábitos de hixiene e os obxectos que se utilizan.
- Coñecer a importancia do descanso para a saúde.
- Coñecer e discriminar diferentes actividades saudables para o tempo libre.
- Valorar a importancia do descanso e da hixiene para manterse san.
- Coñecer as funcións dos alimentos e a súa conservación.
- Comprender a importancia de manter unha dieta sa.
- Adquirir os principais hábitos de hixiene en relación cos alimentos.
- Adquirir os conceptos de seres vivos e inertes.
- Coñecer as características do ciclo vital dos seres vivos.
- Coñecer características e diferenzas entre animais vertebrados e invertebrados.
- Discriminar os animais domésticos e salvaxes.
- Coñecer a alimentación dos animais: omnívoros, carnívoros, herbívoros.
- Coñecer as principais características dunha planta.
- Coñecer as principais partes dunha planta.
- Coñecer e diferenciar plantas cultivadas e silvestres.
- Coñecer pautas para o coidado e respecto dos animais e plantas.
- Significado de “animais en perigo de extinción”
- Participar na mellora e conservación do entorno.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Coñecer os principais materiais e as súas características.
- Coñecer a importancia da reciclaxe e uso de colectores axeitados.
- Coñecer a importancia do aforro de enerxía.
- Coñecer as principais máquinas e ferramentas.
- Coñecer as novas tecnoloxías.

METODOLOXÍA

Será activa, participativa e globalizadora, partindo do que os alumnos xa saben para chegar ós novos coñecementos e favorecendo as actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros e o interés por aprender.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e formativa e terá en conta o progreso do alumnado, tanto nos seus procedementos como no resultado final. Tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación establecidos para este ciclo. Darase importancia á actitude do alumno ante a asignatura, tendo en conta aspectos como a implicación, o interese persoal e a cooperación cos compañeiros.

Como instrumentos para avaliar destacaranse as actividades do libro de texto, fichas de formato libre, intervencións orais, etc.